

ORIENTACIÓNS SOBRE O CONFLITO DE INTERESE (3/5/24)

O Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, establece a través do seu artigo 32.4 a obriga de que os membros das comisións encargadas de resolver os concursos declaren os seus posibles conflitos de interese en relación coas persoas candidatas e, de ser o caso, renunciem a formar parte da comisión, e concreta as seguintes situacións en que os membros das comisións deben presentar a súa renuncia:

- a) Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
- b) Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto coa persoa candidata.
- c) Dirixir ou ter dirixido a tese de doutoramento, defendida nos últimos seis anos.

Finalmente, engade que os membros das comisións deberán absterse de actuar cando conorra algunha das causas de abstención recoñecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A novidade introducida polo citado real decreto en relación coa regulación do conflito de interese fai aconsellable elaborar unhas orientacións que, sen prexuízo do estudo de cada caso concreto por parte da Vicerreitoría, sirvan de guía para a actuación dos membros das comisións de selección.

1. Coautoría de publicacións e patentes nos últimos seis anos

Enténdese que existe conflito de interese e, en consecuencia, obriga de renunciar a formar parte dunha comisión de selección cando o membro da comisión figure, nos seis anos anteriores á celebración do concurso, como coautor ou coautora dunha publicación ou patente xunto con algunha das persoas candidatas admitidas ao concurso, con independencia do número total de autores ou autoras do dito traballo.

Con carácter xeral, para o cómputo dos seis anos tomaranse como datas de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso e a de publicación ou de rexistro da patente. Non obstante, no caso de publicacións incluídas en actas de congresos e reunións científicas, tomarase como data de referencia a de celebración destes.

A seguir enuméranse algunhas outras situacións relacionadas coa publicación de traballos científicos coa indicación de se implican ou non conflito de interese:

SITUACIÓN	CONFLITO	
	SI	NON
Ser editor/a ou coordinador/a dun volume colectivo, monográfico de revista, volume de actas, etc. xunto con algunha persoa candidata	X	
Ser editor/a ou coordinador/a dun volume colectivo, monográfico de revista, volume de actas, etc. no que algunha persoa candidata apareza como autor/a dun capítulo ou artigo		X
Ser autor/a dunha publicación nunha revista ou volume colectivo no que algunha persoa candidata sexa á súa vez autora doutro artigo ou capítulo		X
Formar parte, xunto con algunha persoa candidata, de comités de redacción ou comités científicos de revistas ou de comisións científicas ou organizadoras de congresos, simposios e reunións científicas		X
Pertencer a comités de redacción ou comités científicos de revistas nas que algunha persoa candidata publicase algún artigo		X
Pertencer a comités científicos ou comisións organizadoras de congresos e reunións científicas nos que algunha das persoas aspirantes presentase un relatorio, comunicación, póster, etc.		X
Ter actuado como revisor/a ou avaliador/a dalgunha publicación dunha persoa candidata		X

2. Relación contractual e actividades en proxectos e contratos de investigación

Considérase que existe conflito de interese e, en consecuencia, obriga de renunciar a formar parte dunha comisión de selección cando un membro da comisión de selección e algunha das persoas candidatas mantiveron no pasado algún tipo de relación contractual, ou ben cando algunha das persoas candidatas estivo contratada no marco dun proxecto ou contrato no que o membro da comisión figurase como IP ou co-IP.

Enténdese, así mesmo, que existe conflito de interese e obriga de presentar a renuncia a formar parte da comisión cando un membro da comisión de selección e algunha das persoas candidatas forman parte do equipo de investigación dun proxecto ou contrato de investigación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso de que se trate.

A seguir enuméranse algunhas outras situacións relacionadas co desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación coa indicación de se implican ou non conflito de interese:

SITUACIÓN	CONFLITO	
	SI	NON
Ter formado parte, xunto con algunha persoa candidata, do equipo de investigación dun proxecto ou contrato de investigación que non está xa vixente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso		X
Formar ou ter formado parte, xunto con algunha persoa candidata, dun mesmo grupo ou rede de investigación, departamento ou centro de investigación		X

3. Dirección de tese de doutoramento

Considérase que existe conflito de interese e, en consecuencia, obriga de renunciar a formar parte dunha comisión de selección cando un membro da comisión de selección é director, codirector ou titor da tese de doutoramento dalgunha persoa candidata, ou ben se o foi, no caso de que esta fose defendida nos seis anos anteriores á celebración do concurso.

Para o cómputo dos seis anos tomaranse como datas de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso e a de defensa da tese de doutoramento.

A seguir enuméranse algunhas outras situacións relacionadas coa dirección e avaliación de teses de doutoramento coa indicación de se implican ou non conflito de interese:

SITUACIÓN	CONFLITO	
	SI	NON
Ter formado parte do tribunal encargado de xulgar a tese de doutoramento dalgunha das persoas candidatas		X
Ter codirixido, xunto con algunha persoa candidata, a tese de doutoramento dunha terceira persoa		X
Ter elaborado informes previos á autorización de defensa da tese de doutoramento dalgunha das persoas candidatas		X
Ter dirixido ou codirixido a tese dalgunha das persoas candidatas, cuxa dirección ou codirección se abandonou nalgún momento antes da súa lectura e sempre que non transcorresen máis de seis anos desde o abandono da dirección e a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.	X	

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/05/2024 09:54:41.

CSV: 4DD5-155D-4E20-B8ED